

SOLICITUDE DE ORDENACIÓN DO TEMPO DE TRABALLO E TRABALLO A DISTANCIA POR DEBERES DE COIDADO E CIRCUNSTANCIAS EXCEPCIONAIS RELACIONADAS CO COVID-19

Eu, _____, con documento de identidade nº _____, con enderezo, para efectos de notificación, en _____, e teléfono _____.

MANIFESTO:

PRIMEIRO: Que, de conformidade co establecido no **artigo 6 do RDL 8/2020, de 17 de marzo**, de *medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19*, denominado "**PLAN ME CUIDA**", "*as persoas traballadoras terán dereito á adaptación da xornada por deberes de coidado, nas situacións previstas no artigo 37.6 do ET, cando concorran as seguintes circunstancias excepcionais: persoas traballadoras por conta allea que acrediten deberes de coidado respecto da/o cónxuxe ou parella de feito, así como respecto dos familiares por consanguinidade até o segundo grao da persoa traballadora (fillos e fillas, pai ou nai, netos e netas, irmáns, irmás, avó/avoa). Entenderase que concorren ditas circunstancias excepcionais cando sexa necesaria a presenza da persoa traballadora para a atención dalgunha das persoas indicadas no apartado anterior:*

- *que por razóns de idade, enfermidade ou discapacidade, necesite do coidado persoal e directo, como consecuencia directa do COVID-19,*
- *cando existan decisións adoptadas polas Autoridades gobernativas relacionadas co COVID-19 que impliquen o peche de centros educativos ou de calquera outra natureza que dispensaran coidado ou atención á persoa necesitada dos mesmos,*
- *cando a persoa que até o momento se encargaba do coidado ou asistencia directos de cónxuxe ou familiar até o segundo grao da persoa traballadora non puidera seguir facéndoo por causas xustificadas relacionadas co COVID-19".*

SEGUNDO: Que tendo en conta o recollido no no artigo 6.2, segundo o cal "**o dereito á adaptación da xornada por deberes de coidado por circunstancias excepcionais relacionadas co COVID-19 é unha prerrogativa cuxa concreción inicial corresponde á persoa traballadora**", podendo referirse "*á distribución do tempo de traballo ou a calquera outro aspecto das condicións de traballo, cuxa alteración ou axuste permita que a persoa traballadora poida dispensar a atención e coidado obxecto do presente artigo, podendo consistir en cambio de quenda, alteración do horario, horario flexíbel, xornada partida ou continuada, cambio de quenda de traballo, cambio de funcións, cambio na forma de prestación do traballo, incluíndo a prestación de traballo a distancia, ou en calquera outro cambio de condicións que estivera dispoñíbel na empresa*".

TERCEIRO: Que tendo en conta o recollido no artigo 15 do RDL 15/2020, de 21 de abril, tanto o **PLAN ME CUIDA** como o **carácter preferente do traballo a distancia** manteranse vixentes durante os dous meses posteriores ao cumprimento da vixencia prevista no parágrafo primeiro da Disposición Final décima do RD 8/2020, isto é, un mes máis, o cal supón un total de tres meses desde que finalice o estado de alarma.

Á VISTA DO CAL, SOLICITO:

Continuar co traballo desde casa/adaptar a xornada de traballo/cambiar a quenda de traballo/distribuír a xornada do seguinte xeito a comezar mañá día __ de maio de 2020 e até que remate a situación excepcional que deu orixe a esta solicitude.

En caso de non recibir resposta a este escrito no prazo de 24 horas estipulado no artigo 6.3 do RD 8/2020, entenderase estimada a solicitude.

E para que así conste para os efectos oportunos, asino a presente en data _____de_____ de 20_____.

Asinado,

O/a traballador/a

Recibín,

A empresa